


**EXPEDIENTE M1/2024 DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS  
EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO,  
BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS E  
MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO  
ORZAMENTO 2024**



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E18I00A8	
Código de verificación  0W18 0X5F 684I 095O 00AK	Expediente 36E/2024/9	
	Fecha 28-05-2024	

**Expediente M1/2024 de concesión de crédito extraordinario, suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación da relación de Invetimentos do orzamento de 2024.**

## MEMORIA DE ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao pleno da corporación municipal o presente expediente que ten por finalidade a modificación do orzamento de 2024, para conceder créditos extraordinarios, suplementos de crédito e baixas por anulación de créditos necesarios que no se poden demorar e para os cales no existe crédito no orzamento vixente.

É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Na actualidade, a Lei reguladora de bases de réxime local, o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (LRFL) e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da LRFL, establecen a normativa á que se deberán axustar as Corporacións Locais nos expedientes de concesión de créditos extraordinarios.

II.- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito están destinados ao cumprimento de obrigas legais, así como outras actuacións de interese público que non admiten demora no tempo

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito de este modificativo están destinados a:



## Concello da Coruña

- Suplemento de crédito de 3.735.430,34 € para cubrir o pagamento da subvención ao transporte colectivo de viaxeiros, correspondente a outubro e novembro, que non se puido facer fronte por insuficiencia de crédito no Orzamento do exercicio 2023, segundo AUTO: 0073/2024 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo 4 da Coruña que estima a medida cautelar en canto ao pagamento inmediato da citada cantidade.
- Crédito extraordinario de 3.393.282,74 € ao IMCE coa finalidade de financiar a débeda con provedores do exercicio 2023 e para afrontar a actividade do IMCE durante o resto do exercicio 2024.
- Suplemento de crédito de 162.060,35 € para atender o pagamento da indemnización a ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A. para o contrato de desenvolvemento do proxecto e de execución das obras de renovación e conservación da cuberta e estrutura metálica das bancadas do Estadio de /Riazor (expediente; 430/2017/9E), derivado da sentenza firme 00177/2023 do TSX Galicia CON/AD Sec.3 onde se desestiman os recursos de apelación contra a sentenza de 15 de decembre de 2022 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo 3 da Coruña no procedemento ordinario 176/2021.

**III.-** O financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito prodúcese, en parte, co cargo as baixas de crédito por importe de 2.053.151,88€ nas distintas aplicacións orzamentarias que se estiman reducibles polos responsable das áreas. En concreto as citadas baixas son:

- 700.000 € da partida 41 1539 21000 reparacións de vías, como consecuencia dun reaxuste de anualidades na licitación do novo contrato de reforzo do servizo.
- 500.000 € da partida 41 165 22100 enerxía como consecuencia do aforro derivado do novo contrato marco tramitado a través da FEMP.
- 673.151,88 € da partida 11 926 64100 como consecuencia dun reaxuste da anualidade 2024 e da ampliación do prazo ata 2025.
- 170.000 € da partida 50 3331 62500 (inversión nova en mobiliario e enseres) a súa utilización esta condicionada a unha previa ou simultánea reforma do edificio ou a instalación onde se ten que instalar o dito mobiliario, e debido ao retraso na tramitación dos proxectos de reforma e a conseguinte execución actual, parte do crédito inicial consignado no Orzamento de 2024 non vai ser obxecto de novo compromiso podendo ser dado de baixa ao non supor perturbación do axeitado funcionamento do Servizo de Museos Científicos Coruñeses.
- 10.000 € da partida 50 3331 633.00 (inversión de reposición de maquinaria, instalacións e utillaxe) a redución proposta no afecta ni altera ni perturba ao resto da execución prevista para o exercicio en curso. Trátase dunha redución



# Concello da Coruña

do 6% sobre o crédito inicial da partida, que pode ser dado de baixa ao non afectar ao funcionamento do Servizo.

Outros recursos para o financiamento deste expediente consisten en 5.237.621,55 € do remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación de 2023, que serven para financiar resolucións xudiciais e a débeda cos provedores do IMCE.

**IV.-** Nas listaxes que acompañan as propostas, aparecen as finalidades específicas das modificacións que se propoñen, todas elas de marcado interese público as que se debe dar unha resposta áxil e coa maior eficacia posible.

**V.-** No expediente consta a xustificación das propostas efectuadas polos servizos xestores para a tramitación deste expediente M1/2024, así como o informe proposto do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

**VI.-** Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2024 (M1/2024), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:

## INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	3.393.282,74
II	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	3.897.490,69
	<b>TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE GASTOS</b>	<b>7.290.773,43</b>

## MINORACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS DE CRÉDITO	-2.053.151,88
	<b>TOTAL MINORACIÓNS</b>	<b>-2.053.151,88</b>

## INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	RLTGX	5.237.621,55
	<b>TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>5.237.621,55</b>

	<b>VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS</b>	<b>5.237.621,55</b>
	<b>VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:</b>	<b>5.237.621,55</b>
	<b>DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE GASTO</b>	



# Concello da Coruña


CAPÍTULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	
II	Gastos correntes en bens e servizos	-1.037.939,65
III	Gastos financeiros	
IV	Transferencias correntes	7.128.713,08
V	Fondo de Continxencia e outros	
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>6.090.773,43</b>
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	-853.151,88
VII	Transferencias de capital	
VIII	Activos financeiros	
IX	Pasivos financeiros	
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>-853.151,88</b>
<b>TOTAL</b>		<b>5.237.621,55</b>

Trámítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

A Alcaldesa,



Área / Unidad TESORERIA GENERAL TG4000 SAS/DZP	Documento 37018I00GP
Código de verificación  2503 2368 4D11 6861 0K0Y	Expediente 370/2024/29
	Fecha 01-03-2024

## ALCALDÍA – PRESIDENCIA

Exercicio 2023

### LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DECRETO DA ALCALDIA

De conformidade co artigo 191.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e preceptos que a desenrolan, corresponde á Alcaldía a aprobación da liquidación do orzamento.

Efectuado o peche e liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2023 pola Tesourería Xeral, centro directivo da contabilidade de conformidade co artigo 137 do Regulamento Orgánico Municipal, e visto o informe da Tesourería Xeral de data 27 de febreiro de 2024.

#### RESOLVO

1.- Aprobar o Estado de Liquidación do Orzamento do exercicio 2023 co seguinte:

#### RESUMO

#### 1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE.

#### LIQUIDACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS

ESTADO DE GASTOS		CREDITO INICIAL	MODIFICACIONES	CREDITOS DEFINITIVOS	GASTO COMPROMETIDO	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	PAGOS LIQUIDOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	REMANENTE DE CREDITO
CAPITULO 1	GASTOS DE PERSOAL	70.445.291,69	3.443.995,65	73.889.287,34	73.110.591,05	73.109.408,14	73.067.582,20	41.825,94	779.879,20
CAPITULO 2	GASTOS BS E SERV CORRENTES	128.720.260,83	7.990.170,79	136.710.431,62	131.163.298,56	128.324.409,58	124.757.884,13	3.566.525,45	8.386.022,04
CAPITULO 3	GASTOS FINANCIEROS	908.210,42	565.248,55	1.473.458,97	1.238.933,33	1.238.933,33	1.238.933,33	0,00	234.525,64
CAPITULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	35.256.966,26	3.328.175,57	38.585.141,83	36.901.046,61	36.715.696,10	35.878.321,63	837.374,47	1.869.445,73
CAPITULO 5	FONDO DE CONTINXENCIA	20.000,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
<b>TOTAL OPERAC. CORRENTES</b>		<b>235.350.729,20</b>	<b>15.327.590,56</b>	<b>250.678.319,76</b>	<b>242.413.869,55</b>	<b>239.388.447,15</b>	<b>234.942.721,29</b>	<b>4.445.725,86</b>	<b>11.289.872,61</b>
CAPITULO 6	INVERSIONS REAIS	6.817.853,53	84.501.171,74	91.319.025,27	66.747.461,51	47.203.315,77	44.947.252,72	2.256.063,05	44.115.709,50
CAPITULO 7	TRANSFERENC DE CAPITAL	3.252.487,75	6.906.089,67	10.158.577,42	6.639.625,28	1.978.387,72	1.260.656,80	717.730,92	8.180.189,70
CAPITULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	30.001,00	1.010.395,25	1.040.396,25	1.038.034,84	1.038.034,84	701.434,84	336.600,00	2.361,41
CAPITULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	8.178.330,52	0,00	8.178.330,52	8.178.330,52	8.178.330,52	8.178.330,52	0,00	0,00
<b>TOTAL OPERAC. CAPITAL</b>		<b>18.278.672,80</b>	<b>92.417.656,66</b>	<b>110.696.329,46</b>	<b>82.603.452,15</b>	<b>58.398.068,85</b>	<b>55.087.674,88</b>	<b>3.310.393,97</b>	<b>52.298.260,61</b>
<b>TOTAL CAPITULOS</b>		<b>253.629.402,00</b>	<b>107.745.247,22</b>	<b>361.374.649,22</b>	<b>325.017.321,70</b>	<b>297.786.516,00</b>	<b>290.030.396,17</b>	<b>7.756.119,83</b>	<b>63.588.133,22</b>



## LIQUIDACION ORZAMENTO DE INGRESOS

ESTADO DE INGRESOS	PREVISION INICIAL	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACION NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
CAPITULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS	104.646.191,00	0,00	104.646.191,00	106.063.299,55	4.854.275,78	269,10	101.208.754,67	94.165.408,28	7.043.346,39
CAPITULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	12.271.890,00	0,00	12.271.890,00	13.667.491,06	514.399,68	0,00	13.153.091,38	12.250.694,35	902.397,03
CAPITULO 3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	59.323.483,12	7.870.079,10	67.193.562,22	59.449.497,95	461.581,89	253,26	58.987.662,80	45.831.539,09	13.156.123,71
CAPITULO 4 TRANSFERENC. CORRENTES	84.237.796,69	9.406.119,66	93.643.916,35	102.225.368,64	6.811.531,77	0,00	95.413.836,87	89.519.284,12	5.894.552,75
CAPITULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS	8.222.382,32	3.965.519,40	12.187.901,72	10.422.659,62	0,00	0,00	10.422.659,62	10.055.192,51	367.467,11
<b>TOTAL OPERAC. CORRENTES</b>	<b>268.701.743,13</b>	<b>21.241.718,16</b>	<b>289.943.461,29</b>	<b>291.828.316,82</b>	<b>12.641.789,12</b>	<b>522,36</b>	<b>279.186.005,34</b>	<b>251.822.118,35</b>	<b>27.363.886,99</b>
CAPITULO 6 INVERSIONS REAIS	3.343.924,00	0,00	3.343.924,00	43.061,66	0,00	0,00	43.061,66	43.061,66	0,00
CAPITULO 7 TRANSFERENC. DE CAPITAL	16.636.684,65	25.494.683,39	42.131.368,04	29.633.948,76	19.381,06	0,00	29.614.567,70	29.614.567,70	0,00
CAPITULO 8 ACTIVOS FINANCIEROS	2,00	29.448.696,39	29.448.698,39	231.452,16	0,00	0,00	231.452,16	231.452,16	0,00
CAPITULO 9 PASIVOS FINANCIEROS	21.354.646,22	30.994.900,73	52.349.546,95	10.021.120,72	1.813.465,31	0,00	8.207.655,41	8.207.655,41	0,00
<b>TOTAL OPERAC. CAPITAL</b>	<b>41.335.256,87</b>	<b>85.938.280,51</b>	<b>127.273.537,38</b>	<b>39.929.583,30</b>	<b>1.832.846,37</b>	<b>0,00</b>	<b>38.096.736,93</b>	<b>38.096.736,93</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPITULOS</b>	<b>310.037.000,00</b>	<b>107.179.998,67</b>	<b>417.216.998,67</b>	<b>331.757.900,12</b>	<b>14.474.635,49</b>	<b>522,36</b>	<b>317.282.742,27</b>	<b>289.918.855,28</b>	<b>27.363.886,99</b>

## 2. LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	PRESCRIPCION	PAGOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO A 31 DE DECEMBRO
13.884.850,36	0,00	0,00	13.803.582,95	81.267,41

DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	COBROS	DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO A 31 DE DECEMBRO
84.154.423,10	16,42	2.819.661,54	1.235.171,66	14.579.352,15	65.520.254,17

## 3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO.

RESULTADO ORZAMENTARIO - CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) operacións correntes	279.186.005,34	239.388.447,15		39.797.558,19
b) operacións de capital	29.657.629,36	49.181.703,49		-19.524.074,13
<b>1. Total ops. Non financeiras (a+b)</b>	<b>308.843.634,70</b>	<b>288.570.150,64</b>		<b>20.273.484,06</b>
c) activos financeiros	231.452,16	1.038.034,84		-806.582,68
d) pasivos financeiros	8.207.655,41	8.178.330,52		29.324,89
<b>2. Total ops. Financeiras (c+d)</b>	<b>8.439.107,57</b>	<b>9.216.365,36</b>		<b>-777.257,79</b>
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)</b>	<b>317.282.742,27</b>	<b>297.786.516,00</b>		<b>19.496.226,27</b>
<b>AXUSTES</b>				
3.- Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			2.063.885,99	
4.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			29.167.546,22	
5.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			37.888.607,78	
<b>II. TOTAL AXUSTES (II = 3 + 4 - 5)</b>			<b>-6.657.175,57</b>	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>				<b>12.839.050,70</b>



## 4. REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULO	REMANENTE NON COMPROMETIDO				REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	NON DISPOÑIBLE	DISPOÑIBLE	RETIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	0,00	778.696,29	0,00	0,00	1.182,91	779.879,20
CAPITULO 2	4.000,00	5.287.683,95	151.608,53	103.840,58	2.838.888,98	8.386.022,04
CAPITULO 3	0,00	234.525,64	0,00	0,00	0,00	234.525,64
CAPITULO 4	0,00	295.871,55	1.222.808,24	165.415,43	185.350,51	1.869.445,73
CAPITULO 5	0,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
CAPITULO 6	0,00	22.865.025,71	9.045,05	1.697.493,00	19.544.145,74	44.115.709,50
CAPITULO 7	0,00	1.502.223,73	2.016.728,41	0,00	4.661.237,56	8.180.189,70
CAPITULO 8	0,00	2.361,41	0,00	0,00	0,00	2.361,41
CAPITULO 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAIS</b>	<b>4.000,00</b>	<b>30.986.388,28</b>	<b>3.400.190,23</b>	<b>1.966.749,01</b>	<b>27.230.805,70</b>	<b>63.588.133,22</b>

## 5. REMANENTE DE TESOURERÍA.

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA	EXERCICIO 2023	
<b>1. (+) Fondos Líquidos</b>		<b>40.198.422,56</b>
<b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>		<b>96.209.973,83</b>
+ Orzamento Corrente	27.363.886,99	
+ Orzamentos Pechados	65.520.254,17	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	3.325.832,67	
<b>3. (-) Obrigas pendentes de pagamento</b>		<b>20.776.168,82</b>
+ Orzamento Corrente	7.756.119,83	
+ Orzamentos Pechados	81.267,41	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	12.938.781,58	
<b>4. (+) Partidas pendentes de aplicación</b>		<b>1.913.120,97</b>
- Cobros pendentes de aplicación definitiva	-361.595,17	
+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	2.274.716,14	
<b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)</b>		<b>117.545.348,54</b>
II. Saldos de dubidoso cobro		66.095.905,97
III. Exceso de financiación afectada		45.213.264,81
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)</b>		<b>6.236.177,76</b>

2.- Dar conta ao Pleno e comunicar á Administración do Estado e á Xunta de Galicia da Liquidación do exercicio 2023, segundo o disposto no artigo 193.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A Coruña, á data de sinatura electrónica deste documento.

A Alcaldesa



AYTO.CORUÑA

Fecha Obtenidor 17/06/2024

10:20:27

PRESUPUESTO DE INGRESOS 2024

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE

1/1/2024

HASTA

29/6/2024

Pág.


1

Clasificación CAPITULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	Impuestos directos.	111.182.619,55		111.182.619,55	83.968.541,57	7.964.467,70	765.713,59	7.198.754,11	76.769.787,46	-27.214.077,98
2	Impuestos indirectos.	14.650.468,31		14.650.468,31	3.543.050,33	3.629.839,98	175.335,85	3.454.504,13	88.546,20	-11.107.417,98
3	Tasas, precios públicos y otros ingresos.	66.381.498,22	3.097.597,71	69.479.095,93	29.346.622,51	11.957.596,53	124.725,64	11.532.870,89	17.813.751,62	-40.132.473,42
4	Transferencia corrientes.	101.566.829,25	2.231.279,72	103.798.108,97	33.283.725,51	33.575.047,71	281.322,20	33.293.725,51		-70.504.383,46
5	Ingresos patrimoniales.	7.403.836,09		7.403.836,09	4.651.449,39	2.725.606,87		2.725.606,87	1.925.842,52	-2.752.386,70
6	Enajenación de inversiones reales.	5.419.056,58		5.419.056,58	23.760,12	23.760,12		23.760,12		-5.395.296,46
7	Transferencias de capital.	8.297.920,10	1.346.932,55	9.643.852,65	13.703.756,20	13.703.756,20		13.703.756,20		4.059.903,55
8	Activos financieros.	11.957.973,85	23.160.299,97	35.118.273,82	109.527,34	109.527,34		109.527,34		-35.008.746,48
9	Pasivos financieros.	48.619.591,55	17.673.945,36	66.298.536,91		500.000,00				-66.298.536,91
	<b>Suma Total Ingresos.</b>	<b>375.479.793,50</b>	<b>47.514.055,31</b>	<b>422.993.848,81</b>	<b>168.640.432,97</b>	<b>73.889.602,45</b>	<b>1.847.097,28</b>	<b>72.042.505,17</b>	<b>96.597.927,80</b>	<b>-254.353.415,84</b>

PRESUPUESTO DE GASTOS 2024

Clasificación CAPITULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Creditos Iniciales	Modificaciones	Creditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSONAL.	80.439.407,17	641.343,54	81.080.750,71	28.712.097,01	27.293.219,24	7.356,42	27.285.662,82	1.426.234,19	52.368.653,70
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS.	155.010.713,63	1.225.448,81	156.236.162,44	45.306.520,43	41.444.192,79	10.912,51	41.433.280,28	3.873.240,15	110.929.642,01
3	GASTOS FINANCIEROS.	2.750.255,47		2.750.255,47	402.465,39	402.465,79	0,40	402.465,39		2.347.790,08
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES.	33.943.840,27	1.736.406,55	35.680.246,82	19.063.883,23	18.886.883,23		18.886.883,23	177.000,00	16.616.363,59
5	FONDD DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	20.000,00		20.000,00						20.000,00
6	INVERSIONES REALES.	75.274.632,30	38.111.259,96	113.385.892,26	4.438.659,35	4.140.132,90		4.140.132,90	298.526,45	108.947.232,91
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	18.079.696,88	5.715.865,41	23.795.562,24	185.874,57	185.874,57		185.874,57		23.609.687,67
8	ACTIVOS FINANCIEROS.	80.001,00	83.731,04	163.732,04	162.009,56	162.009,56		162.009,56		1.722,48
9	PASIVOS FINANCIEROS.	9.881.246,83		9.881.246,83	2.069.879,71	2.069.879,71		2.069.879,71		7.811.367,12
	<b>Suma Total Gastos.</b>	<b>375.479.793,50</b>	<b>47.514.055,31</b>	<b>422.993.848,81</b>	<b>100.341.389,25</b>	<b>94.584.657,79</b>	<b>18.289,33</b>	<b>94.566.388,46</b>	<b>5.775.000,79</b>	<b>322.662.459,56</b>

<b>Diferencia...</b>	<b>68.299.043,72</b>	<b>-20.695.055,34</b>	<b>1.828.827,95</b>	<b>-22.523.883,29</b>	<b>90.822.927,01</b>	<b>68.299.043,72</b>
----------------------	----------------------	-----------------------	---------------------	-----------------------	----------------------	----------------------



Mediante esta copia electrónica de documento se declara que el contenido es fiel y veraz a la información que se ha facilitado en el presente documento. Mediante esta copia electrónica de documento se declara que el contenido es fiel y veraz a la información que se ha facilitado en el presente documento.



## **EXPEDIENTE M1/2024 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, BAIXAS DE CRÉDITO, E MODIFICACIÓN DE RELACIÓN DE INVERSIONES TODO DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO 2024.**

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M1/2024 de suplementos de crédito, de créditos extraordinarios, baixas de crédito e modificación de relación de investimentos, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega ao expediente 36E/2024/9.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2024, , constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2024, establece o carácter preceptivo, aínda que non vinculante, do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

### **INFORME.**

#### **I.- Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade.**

O expediente que agora se somete á Corporación en Pleno supón aprobar un crédito extraordinario por importe de 3.393.282,74 €, dous suplementos de crédito por importe de 3.897.490,69 € e cinco baixas de crédito por anulación por importe de -2.053.151,88 €.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios e suplemento equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

#### **I.- ALTAS. (€)**

Suplementos de crédito	3.897.490,69
Créditos Extraordinarios	3.393.282,74
<b>Total altas de créditos</b>	<b>7.290.773,43</b>



## II.- FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO. (€)

Baixas de crédito	2.053.151,88
Remanente Líquido de Tesourería Gastos Xerais	5.237.621,55
<b>Total financiamento</b>	<b>7.290.773,43</b>

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

As baixas de crédito está informadas polos servizos no sentido de que non son necesarios e poden dispoñerse para outros fins.

O artigo 177 da Lei de Facendas Locais é o que regula o réxime das modificacións de créditos extraordinarios e suplemento de créditos.

Polo anterior, en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

*“El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos y mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio. “*

En termos de estabilidade orzamentaria, a nivel de créditos definitivos e previsións definitivas, está a financiarse un gasto non financeiro cun ingreso financeiro como é o Remanente Líquido de Tesourería, que en termos absolutos, teóricos e abstrato implica inestabilidade orzamentaria. Non obstante, será coa liquidación orzamentaria cando hai que verificar se cos datos totais de gastos e ingresos non financeiros, a pesar de utilizar o Remanente Líquido de Tesourería, pode chegar a incurrirse en inestabilidade orzamentaria.

O anterior parágrafo referido á estabilidade orzamentaria infórmase ós efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente (xa que a Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria é posterior e non o esixe) a obriga a emisión do informe da Intervención a estabilidade orzamentaria das modificacións orzamentarias.

### II.- Exame do expediente.



Os dous suplementos de crédito, esencialmente, son para:

1.- 162.060,35 € para dar cumprimento a unha sentenza xudicial firme que condena ao concello da Coruña a pagar unha indemnización a empresa Arias Infraestructuras SA pola demora parcialmente imputable ao Concello na execucion da obra da reforma da cuberta do Estado de Riazor.

2.- 3.735.430,34 € para o pago dun auto xudicial dun xulgado do contencioso administrativo que obriga ao concello a pagar facturas pendentes de 2023 coa Compañía de Tranvías de La Coruña SA pola subvención ao precio e ao billete que ven asumindo o Concello. E neste caso debemos recordar que calquer compromiso de gasto futuro ten que ter unha avaliación do impacto no orzamento, e cando se aprobou en Xunta de Goberno a asunción do importe do precio que o Estado obrigou a asumir ao concello como condición para recibir a súa achega, afirmouse que se estimaba o crédito existente suficiente para acometer esa maior achega do concello, e finalmente a desviación foi moi superior a que poderíamos considerar como razoable. A previsión orzamentaria deste ano 2024 no orzamento municipal, se consideramos os datos e importes do 2023, a data deste informe xa está esgotada, polo que deben de adoptarse as medidas orzamentarias oportunas e/ou reducir o reaxustar a baixa as achegas do concello ao precio do billete xa que neste exercicio non é que a desviación poida producirse seno que xa se produxo e de non variar a achega do concello o déficit de orzamento nesta axuda vai ser de moito importe económico.

O crédito extraordinario por importe de 3.393.282,74 € o é para dotar de maior orzamento o IMCE que lle permita imputar e pagar as obrigas económica pendentes de pago do exercicio 2023 que se tramitan nun recoñemento extraxudicial de crédito cuxa aprobación polo Pleno será simultánea aínda que condicionada a aprobación definitiva deste modificativo. No referido a ese recoñecemento extraxudicial de crédito, ao no ser obxecto deste informe, remitímonos ao noso informe que emitiremos cando nos acheguen o expediente.

Como xa dixemos en anteriores informes, o cumprimento do expediente das modificacións orzamentarias agora propostas coas esixencias da Lei de Facendas Locais non prexuzgan nin condicionan o sentido da fiscalización previa no momento da realización e execución do gasto.

### **III.- Aprobación do expediente pola Corporación.**

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento.

Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.


A Coruña, na data da sinatura electrónica.

**O INTERVENTOR XERAL.**

*Intervent. Xeral*



# Concello da Coruña

Área / Unidada PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E18100A7	
Código de verificación  3067 1K27 0O0M 5U5Z 0G8W	Expediente 36E/2024/9	
	Fecha 28-05-2024	

A concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA

Coordinación Xeral da Área de Economía e Planificación Urbana

Dirección da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

Expte. 36E/2024/9

Asunto: Aprobación do proxecto de expediente M1/2024 de concesión de crédito extraordinario suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito e modificación da relación de Inversións do Orzamento do Concello da Coruña para o 2024.

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta

La concejala-secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, CERTIFICO:

Que la Junta de Gobierno Local en sesión Ordinaria celebrada el 29 de mayo de 2024 adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

ÁREA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACIÓN URBANA

Coordinación General del Área de Economía y Planificación Urbana

Dirección del Área de Economía, Hacienda y Régimen Interior

Servicio de Presupuestos y Estudios Económicos

Expte. 36E/2024/9

Asunto: Aprobación del proyecto de expediente M4/2023 de concesión de crédito extraordinario, suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito y modificación de la relación de Inversións del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el 2024

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que



# Concello da Coruña

**que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

1. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2024 (M1/2024), mediante concesión dun crédito extraordinario por importe de tres millóns trescentos noventa e tres mil douscentos oitenta e dous euros con setenta e catro céntimos (3.393.282,74€), dous suplementos de crédito por importe de tres millóns oitocentos noventa e sete mil catrocentos noventa euros con sesenta e nove céntimos (3.897.490,69€) e cinco baixas por anulación por importe de dous millóns cincuenta e tres mil cento cincuenta e un euros con oitenta e oito céntimos (2.053.151,88€). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M1/2024" que se incorpora ao expediente.

2. Aprobar o proxecto de modificación do estado de ingresos do orzamento 2024, incorporando cinco millóns douscentos trinta e sete mil seiscentos vinte e un euros con cincuenta e cinco céntimos (5.237.621,55€) de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2023, no subconcepto 870.00.

3. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente de cinco baixas por

**consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:

1. *Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2024 (M1/2024), mediante concesión de un crédito extraordinario por importe de tres millones trescientos noventa y tres mil doscientos ochenta y dos euros con setenta y cuatro céntimos (3.393.282,74€), dos suplementos de crédito por importe de tres millones oitocientos noventa y siete mil cuatrocientos noventa euros con sesenta y nueve céntimos (3.897.490,69€) y cinco bajas por anulación por importe de dos millones cincuenta y tres mil ciento cincuenta y un euros con ochenta y ocho céntimos (2.053.151,88€). Todo ello reflejado en el listado denominado "Expediente M1/2024" que se incorpora al expediente.*

2. *Aprobar el proyecto de modificación del estado de ingresos del presupuesto 2024, incorporando cinco millones doscientos treinta y siete mil seiscientos veintinueve euros con cincuenta y cinco céntimos (5.237.621,55€) de remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2023, en el subconcepto 870.00.*

3. *Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente de cinco bajas por anulación por*



# Concello da Coruña

anulación por importe de dous millóns cincuenta e tres mil cento cincuenta e un euros con oitenta e oito céntimos (2.053.151,88€), e remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2023 por importe de cinco millóns douscentos trinta e sete mil seiscientos vinte e un euros con cincuenta e cinco céntimos (5.237.621,55€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M1/2024. Financiamento”.

4. Aprobar o proxecto de modificación do Anexo de Inversións do Orzamento de 2024, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M1/2024. Modificacións do Anexo de Inversións”.

5. O proxecto de expediente unha vez aprobado someterase a aprobación inicial polo Pleno municipal por maioría simple dos membros presentes co ditame previo da Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral.

6. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

*importe de dos millones cincuenta y tres mil ciento cincuenta y un euros con ochenta y ocho céntimos (2.053.151,88€), y remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2023 por importe de cinco millones doscientos treinta y siete mil seiscientos veintinueve euros con cincuenta y cinco céntimos (5.237.621,55€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M1/2024. Financiación”.*

4. *Aprobar el proyecto de modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2024, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M1/2024. Modificaciones del Anexo de Inversiones”.*

5. *El proyecto de expediente una vez aprobado se someterá a aprobación inicial por el Pleno municipal por mayoría simple de los miembros presentes con el dictamen previo de la Comisión informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General.*

6. *Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.*



# Concello da Coruña

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a Oficial Maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargada das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

A concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local,

Eudoxia María Neira Fernández

*Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, en la fecha de firma electrónica del presente documento, que firma junto a mí la Oficial Mayor, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular del órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local y encargada de las funciones de fe pública según la disposición adicional 8ª de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactado el acta.*

*Confrontado y conforme, la Oficial Mayor*

*María Esther Álvarez Martínez*





# Concello da Coruña

## Expediente M1/2024

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA	INTERIOR	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	11.920 .22614	Indemnizacións varias	162.060,35			Insuficiencia de crédito para executar a Sentenza de 26/05/2023 do TSX Galicia CON/AD Sec 3 A Coruña, correspondente ao abono de indemnización a Arias Infraestructuras, SA, pola reforma da cuberta do estadio de Riazor
			<b>Total 11.920 .22614</b>		162.060,35			
FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE	MUSEOS CIENTÍFICOS	BAIXA POR ANULACIÓN	50.3331.63300	Investimento reposición maquinaria, instalacións e ferramentas	-10.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo. Minórase parcialmente o proxecto nº 213 do Anexo de Investimentos financiado con recursos propios
			<b>Total 50.3331.63300</b>		-10.000,00			



# Concello da Coruña

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE	INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	50.3341.41091	Recoñecemento de crédito Instituto Municipal Coruña Espectáculos	3.393.282,74			Inexistencia de crédito para facer fronte a parte dos recoñecementos extraxudiciais de crédito do IMCE correspondentes a prestacións de exercicios anteriores
			<b>Total</b>					
			<b>50.3341.41091</b>		3.393.282,74			
			<b>Total xeneral</b>		<b>5.237.621,55</b>			

## Expediente M1/2024. Financiamento

ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	BAIXAS CRÉDITO	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	SUPLEMENTOS CRÉDITO	IMPORTE	BAIXAS CRÉDITO	DESTINO BAIXAS	RLT XERAL
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA	INTERIOR	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	11.920 .22614	Indemnizacións varias			162.060,35	162.060,35			162.060,35
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA	INFORMÁTICA	BAIXA POR ANULACIÓN	11.926 .64100	Adquisición de software	-673.151,88			-673.151,88	-673.151,88		
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA	INFRAESTRUTURAS	BAIXA POR ANULACIÓN	41.1539.21000	Reparación, mantemento e conservación infraestruturas e bens	-700.000,00			-700.000,00	-700.000,00		
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA	INFRAESTRUTURAS	BAIXA POR ANULACIÓN	41.165 .22100	Energía eléctrica	-500.000,00			-500.000,00	-500.000,00		
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA	MOBILIDADE URBANA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	41.4411.48912	Subvención transporte colectivo urbano viaxeiros			3.735.430,34	3.735.430,34			3.735.430,34
FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE	MUSEOS CIENTÍFICOS	BAIXA POR ANULACIÓN	50.3331.62500	Investimento novo mobiliario e aveños	-170.000,00			-170.000,00	-170.000,00		
FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE	MUSEOS CIENTÍFICOS	BAIXA POR ANULACIÓN	50.3331.63300	Investimento reposición maquinaria, instalacións e ferramentas	-10.000,00			-10.000,00	-10.000,00		
FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE	INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	50.3341.41091	Recoñecemento de crédito Instituto Municipal Coruña Espectáculos		3.393.282,74		3.393.282,74		2.053.151,88	1.340.130,86
					<b>-2.053.151,88</b>	<b>3.393.282,74</b>	<b>3.897.490,69</b>	<b>5.237.621,55</b>	<b>-2.053.151,88</b>	<b>2.053.151,88</b>	<b>5.237.621,55</b>





# Concello da Coruña

## Expediente M1/2024. Modificacións do Anexo de Investimentos

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA	INFORMÁTICA	BAIXA POR ANULACIÓN	11.926 .64100	Adquisición de software	-673.151,88	2020 2 20 6	NON VINCULADO	Baixa de crédito para financiar o modificativo. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo. Minórase parcialmente o proxecto nº 28 do Anexo de Investimentos, financiado con recursos propios, debido a un reaxuste das anualidades deste proxecto, quedando fixado en 776.848,12€ para o ano 2024 e 656.091,97€ para a anualidade 2025. Total proxecto: 1.432.940,09€
FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE	MUSEOS CIENTÍFICOS	BAIXA POR ANULACIÓN	50.3331.62500	Investimento novo mobiliario e aveños	-170.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo. Minórase parcialmente o proxecto nº 209 do Anexo de Investimentos financiado con recursos propios
FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE	MUSEOS CIENTÍFICOS	BAIXA POR ANULACIÓN	50.3331.63300	Investimento reposición maquinaria, instalacións e ferramentas	-10.000,00			Baixa de crédito para financiar o modificativo. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo. Minórase parcialmente o proxecto nº 213 do Anexo de Investimentos financiado con recursos propios



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Oficina Orzamentaria

*Aprobación inicial do expediente M1/2024, modificativo do orzamento de 2024*

##### ANUNCIO

O Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 6 de xuño de 2024, aprobou inicialmente o expediente M1/2024 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2024.

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, sito no número 20 da rúa Franja, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, segundo o establecido na aludida lexislación.

Publícase para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 6 de xuño de 2024


José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

2024/3981



# Concello da Coruña

Área / Unidad ASUNTOS GENERALES IT2210A ACM	Documento 4151810060	
Código de verificación  523W 1B6H 034X 6F08 0GSE	Expediente 415/2024/3	
	Fecha 02-07-2024	

DOÑA MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ, OFICIAL MAYOR DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA

CERTIFICO: Que el anuncio relativo al expediente M1/2024 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, bajas por anulación de créditos y modificación del anexo de inversiones del presupuesto 2024, fue expuesto al público en el Tablón de Edictos de este Ayuntamiento durante el período comprendido entre el 10 de junio y el 1 de julio de 2024 inclusive.

Examinado en soporte informático el Registro General de Entrada de este Ayuntamiento desde el 10 de junio de 2024 hasta la hora y fecha, figuran presentadas las siguientes alegaciones a dicho anuncio:

**1. Código: RMPE1811DB**

*Número de Registro: 48431*

*Fecha: 18/06/2024*

*Interesado: Juan Manuel Sánchez Albornoz*

**2. Código: FORE1803RT**

*Número de Registro: 4889*

*Fecha: 25/06/2024*

*Interesada: Vanesa Rey Argibay en representación de la Asociación Sector 7 Recinto Ferial, G44864106*

**3. Código: RMPE1813CY**

*Número de Registro: 51010*

*Fecha: 28/06/2024*

*Interesado: Leandro García Vázquez, en representación de la Asociación de Vecinos para el Desarrollo Económico y Social Elviña 2 Fases, G70321138*

**4. Código: RMPE1813U2**

*Número de Registro: 51626*

*Fecha: 01/07/2024*


*Interesado: José Luis Méndez Campos en representación de la Agrupación de Vecinos Orzán-Pescadería, G09946260. Escrito presentado por Consuelo Rodríguez Correas.*

Y para que conste, expido la presente en A Coruña a fecha de la firma electrónica

La Jefa de Unidad de Registro  
e Información de María Pita



# Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E18I00C6
Código de verificación  5T19 0U2Y 4U0F 0008 0Q01	Expediente 36E/2024/9
	Fecha 03-07-2024

## COORDINACIÓN XERAL DA ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA OFICINA ORZAMENTARIA

**Aprobación definitiva do expediente M1/2024 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2024.**

### INFORME-PROPOSTA AO PLENO:

#### I. ANTECEDENTES.

O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de xuño de 2024, aprobou inicialmente o Expediente M1/2024 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2024. O expediente de aprobación inicial foi sometido a trámite de exposición pública para reclamacións, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 110, con data do 7 de xuño de 2024.

Transcorrido o prazo de exposición pública, e segundo a certificación expedida pola Oficial Maior do Excmo. Concello da Coruña con data do 2 de xullo de 2024, consta a presentación de catro reclamacións ao devandito expediente presentadas por D. Juan Manuel Sánchez Albornoz, en representación da Asociación de Vecinos de A Zapateira, con data de entrada 18 de xuño de 2024; a Asociación Sector 7 Recinto Ferial, representada por Dna. Vanesa Rey Argibay, con data de entrada 25 de xuño de 2024; a Asociación Vecinal Desarrollo Económico y Social Elviña 2 Fases, representada por D. Leandro García Vázquez, con data de entrada 28 de xuño de 2024; e a Agrupación de Vecinos Orzán-Pescadería, representada por D. José Luis Méndez Campos, con data de entrada do 1 de xullo de 2024 (escrito presentado por Consuelo Rodríguez Correas).

As reclamacións, arriba mencionadas e que se achegan ao expediente, foron presentadas en prazo e as entidades representadas están lexitimadas conforme ao establecido no artigo 170 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

De acordo co artigo 170.1 a) do TRLRFL terán a consideración de interesados:

- Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.



# Concello da Coruña

2. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Con todo, a pesar de concorrer inicialmente unha causa de inadmisibilidade por non estar entre as causas taxadas polas que pode establecerse unha alegación, contra a aprobación inicial deste expediente, atendendo ao principio “pro actione” e aos precedentes existentes, éntrase ao estudo e análise das cuestións suscitadas na reclamación.

O obxecto deste informe proposta é a análise das reclamacións expostas desde o punto de vista do seu encaixe nalgún dos supostos causais da lei.

## II. ESTUDO DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS

### 1. Reclamación de D. Juan Manuel Sánchez Albornoz.

No escrito presentado por D. Juan Manuel Sánchez Albornoz, en representación da Asociación de Vecinos de A Zapateira, expone as seguintes reclamacións ao M1/2024:

Por unha banda, o reclamante, como representante da Asociación de Vecinos de A Zapateira, manifesta a súa desconformidade con que se desvíen ao modificativo 700.000€ do orzamento de reparación de vías e mantemento dos barrios, xa que os veciños levan esperando meses e mesmo anos para a reparación de beirarrúas e calzadas. Entenden que é necesario realizar axustes no orzamento, tendo en conta que moitos empresarios, traballadores e as súas familias levan soportando unha falta de pagamento de facturas, en ocasións cuantiosas, desde hai practicamente un ano; pero manifestan que retirar parte importante do orzamento destinado á corrección das numerosas deficiencias en beirarrúas e calzadas non é a solución.

Doutra banda o reclamante alega que non se contemplan no orzamento actuacións importantes para o barrio e que se transmitiron en diferentes ocasións a responsables municipais. Neste punto, a reclamación presentada está incompleta xa que finaliza con “: “ e non aparecen enumeradas, a continuación, as actuacións que consideran de primeira necesidade. Simplemente aparece un espazo en branco.

A reclamación presentada non cuestiona os trámites seguidos para a aprobación do presente expediente de modificación de créditos; tampouco sinala a omisión concreta de créditos esixibles en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, en termos xurídico-orzamentarios, nin pon de manifesto a insuficiencia de ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.

Por tanto, débese desestimar esta pretensión da reclamación presentada, xa que non se acolle a ningunha das causas taxadas polas que se pode alegar contra o M1/2024, nos termos do art 170.2 do TRLRFL.

### 2. Reclamación Asociación Sector 7 Recinto Ferial.



# Concello da Coruña

No escrito presentado por Dona Vanesa Rey Argibay, en representación da Asociación Sector 7 Recinto Ferial, expónse as seguintes reclamacións ao M1/2024:

Por unha banda, a reclamante, como representante da Asociación Sector 7 Recinto Ferial, manifesta a súa desconformidade coa partida orzamentaria desviada ao modificativo, a cargo do orzamento de reparación de vías e mantemento nos barrios, xa que como veciños do Polígono de Someso e Ponte da Pedra levan anos solicitando a reparación de beirarrúas e calzadas, así como o mantemento das infraestruturas do barrio e, consideran que o goberno municipal que adopta escasas solucións, vai destinar 7.290.773,42 € a cubrir o necesario abono da débeda con Tranvías, con provedores do IMCE e con ARIAS INFRAESTRUCTURAS; dos cales, 700.000 € sairán do orzamento de 2024 de reparación e mantemento de vías, e 5.237.621,55 € do remanente líquido de tesourería para gastos xerais da liquidación de 2023.

Entenden que é necesario realizar axustes no orzamento, tendo en conta que moitos empresarios, traballadores e as súas familias levan soportando unha falta de pagamento de facturas, en ocasións cuantiosas, desde hai practicamente un ano, pero manifestan que retirar parte importante do orzamento destinado á corrección das numerosas deficiencias en beirarrúas e calzadas non é a solución.

Doutra banda, a reclamante alega que non se contemplan no orzamento actuacións importantes para o barrio e que se transmitiron en numerosas ocasións a responsables municipais e por rexistro ao Concello; entre elas consideran de primeira necesidade as seguintes:

- Roza, limpeza, iluminación e adecuación da parcela 7885006NH4978N0001LL.
- Mantemento do paso peonil de acceso á pasarela que comunica Matogrande con Recinto Ferial.
- Mantemento da praza exterior de Expocoruña.
- Mantemento das instalacións exteriores do Coliseum.
- Arranxo das beirarrúas en José Vázquez Rozas, Avenida de la Universidade e Aurelio Aguirre Galarraga.
- Repintado de rúas e prazas de aparcamento en José Pascual López Cortón, José Vázquez Rozas e Francisco Pérez Carballo.
- Reasfaltado de Francisco Pérez Carballo.
- Reposición de sinais viarios indicativos de direccións.
- Mantemento da estrutura da rotonda de Avenida de la Universidade.

A reclamación presentada non cuestiona os trámites seguidos para a aprobación do presente expediente de modificación de créditos; tampouco sinala a omisión concreta de créditos esixibles en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, en termos xurídico-orzamentarios, nin pon de manifesto a insuficiencia de ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.

### **3. Reclamación Asociación de Vecinos para el Desarrollo Económico y Social Elviña 2 Fases.**

No escrito presentado por Don Leandro García Vázquez, en representación da Asociación de Vecinos para el Desarrollo Económico y Social Elviña 2 Fases, expónse as seguintes reclamacións ao M1/2024:



# Concello da Coruña

Por unha banda, o reclamante, como presidente e representante da Asociación de Vecinos para el Desarrollo Económico y Social Elviña 2 Fases, mostra a súa desconformidade coa baixa da partida orzamentaria 41 1539 21000 para reparación de vías e mantemento dos barrios por importe de 700.000€, polo que solicita que non se reduza esta partida orzamentaria. Como veciños do barrio de Elviña 2 fases levan tempo e mesmo anos para a reparación de beirarrúas e calzadas, en xeral para un tema puntual como é o mantemento, mesmo das súas zonas verdes que entenden que non están como deberían e necesitan un coidado continuado. Ante esta situación, o goberno municipal, non contento co desinterese mostrado, xa que evita acometer obras de reparación estrutural profunda nas devanditas infraestruturas, vai destinar 700.000€ do orzamento de reparación e mantemento a cubrir o necesario abono da débeda acumulada polo IMCE.

Entenden que é necesario realizar axustes no orzamento, tendo en conta que moitos empresarios, traballadores e as súas familias levan soportando unha falta de pagamento de facturas, en ocasións cuantiosas, desde hai practicamente un ano, pero manifestan que retirar parte importante do orzamento destinado á corrección das numerosas deficiencias en beirarrúas e calzadas non é a solución.

Doutra banda, o reclamante alega que non se contemplan no orzamento actuacións importantes para o barrio entre as que consideran de primeira necesidade as seguintes:

- Mantemento e saneamento das zonas verdes que se sitúan neste barrio.
- En canto a beirarrúas e viarias e demais reparacións integrais dos mesmos.
- Maior seguridade cidadá que nestes momentos vense os veciños frustrados por tal aspecto.

A reclamación presentada non cuestiona os trámites seguidos para a aprobación do presente expediente de modificación de créditos; tampouco sinala a omisión concreta de créditos esixibles en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, en termos xurídico-orzamentarios, nin pon de manifesto a insuficiencia de ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.

#### 4. Reclamación da Agrupación de Vecinos Orzán-Pescadería.

No escrito presentado por D. José Luis Méndez Campos, en representación da Agrupación de Vecinos Orzán-Pescadería, expónse as seguintes reclamacións ao M1/2024:

Por unha banda, o reclamante, como representante da Agrupación de Vecinos Orzán-Pescadería, manifesta a súa desconformidade coa partida orzamentaria desviada ao modificativo, a cargo do orzamento de reparación de vías e mantemento nos barrios, xa que como veciños do barrio Orzán-Pescadería levan esperando meses, e mesmo anos, para a reparación, reposición, mantemento de beirarrúas, mobiliario urbano, xardinería, así como outros investimentos prometidos; e, o goberno municipal, non contento coas escasas solucións adoptadas ata a data, vai destinar 700.000€ do orzamento de reparación e mantemento a cubrir o necesario abono da débeda acumulada polo IMCE.

Entenden que é necesario realizar axustes no orzamento, tendo en conta que moitos empresarios, traballadores e as súas familias levan soportando unha falta de pagamento de facturas, en ocasións cuantiosas, desde hai practicamente un ano, pero manifestan que retirar parte importante do orzamento destinado á corrección das numerosas deficiencias en beirarrúas e calzadas non é a solución.



# Concello da Coruña

Doutra banda, o reclamante alega que non se contemplan no orzamento actuacións importantes para o barrio e que se transmitiron en numerosas ocasións a responsables municipais; entre elas consideran de primeira necesidade as seguintes:

- Activar definitivamente as cámaras do tramo peonil da rúa Orzán (e contiguas), coa creación dun censo de veciños, como se acordou na última reunión mantida coa Concellería de Interior, Atención Cidadá, Seguridade Cidadá e Tráfico. Igualmente conectar as cámaras á Sala de Cámaras da Policía Local para sancionar o tráfico a partir da 11 da mañá, como indica a sinalización.
- Reposición de mobiliario urbano esnaquizado e/ou desaparecido: bancos, papeleiras, fonte, contedores, bolardos, xardineiras...
- Restauración e/ou substitución de entarimado na praza Cormelana.
- Restauración de beirarrúas rotas en numerosas rúas do barrio (Orzán por exemplo)
- Reparación de calzadas con buracos, fochancas, etc, con grave risco de tropezar e caer os viandantes (Praza Vista, Regidor Somoza...)
- Poda, mantemento e conservación da exigua xardinería existente, practicamente abandonada: árbores, arbustos, xardineiras, xardíns con céspede e flores, sebes....
- Aparellos de ximnasia para maiores en prazas e/ou zonas públicas.
- Área canina para espaxamento de cans en espazo público pechado e controlado polos seus donos.
- Centro Cívico para actividades veciñais. A Agrupación carece de local e de medios para telo e non hai ningún sitio onde poder reunirse os veciños nin levar a cabo actividades. O pequeno espazo cedido no Círculo de Artesáns non é suficiente nin responde as necesidades do barrio.

Solicitan tamén información sobre os investimentos e proxectos previstos para este ano, facendo constar a súa dotación económica, calendario de aplicación, etc. Así como se hai algún proxecto supeditado a fondos europeos ou subvencións doutras Administracións.

A reclamación presentada non cuestiona os trámites seguidos para a aprobación do presente expediente de modificación de créditos; tampouco sinala a omisión concreta de créditos esixibles en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, en termos xurídico-orzamentarios, nin pon de manifesto a insuficiencia de ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.

As catro alegacións presentadas ao M1/2024 son moi similares, en todas repítese o mesmo parágrafo. Os alegantes consideran que si que hai que facer fronte á falta de pagamentos de facturas pero que non debería facerse minorando o crédito destinado á reparación de vías. A este respecto, dicir que estes argumentos constitúen cuestións de oportunidade e discrecionalidade da política orzamentaria do goberno municipal, en base a iso propónse a desestimación das mesmas ao non acollerse a ningunha das causas taxadas do art. 170.2 do TRLRFL.

### III. CONCLUSIÓN.

Por todo o exposto anteriormente, propónse desestimar as reclamacións presentadas, ao non concorrer ningunha das causas previstas no artigo 170.2 da Lei Reguladora das Facendas Locais, formulándose ao Pleno da Corporación, a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:





# Concello da Coruña

1. Desestimar as reclamacións presentadas por: D. Juan Manuel Sánchez Albornoz, en representación da Asociación de Vecinos de A Zapateira, con data de entrada 18 de xuño de 2024; a presentada pola Asociación Sector 7 Recinto Ferial, representada por Dna. Vanesa Rey Argibay, con data de entrada 25 de xuño de 2024; a presentada pola Asociación Vecinal Desarrollo Económico y Social Elviña 2 Fases, representada por D. Leandro García Vázquez, con data de entrada 28 de xuño de 2024; e a presentada pola Agrupación de Vecinos Orzán-Pescadería, representada por D. José Luis Méndez Campos, con data de entrada do 1 de xullo de 2024 (escrito presentado por Consuelo Rodríguez Correas).
2. Aprobar definitivamente o expediente M1/2024 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de créditos e modificación do Anexo de Invetimentos do Orzamento 2024. O expediente entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista no apartado 3 do artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
3. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para a efectividade do acordado.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

Director da área de Economía, Facenda e Réxime Interior,

Emilio Álvarez - Miranda Luzarraga

Coordinador xeneral da área de Economía e Planificación Urbana,

Manuel Ángel Jove Losada


Vº e pr.,

Concelleiro responsable de Economía e Planificación Estratégica,

José Manuel Lage Tuñas



# Concello da Coruña

Área / Unidade ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 PSL	Documento 1231810085	Certificación PLO 04.07.2024 Asunto fóra da orde do día
Código de verificación  6K4N 075Z 2E0E 0I4G 1C2Y	Expediente 123/2024/9	
	Fecha 04-07-2024	

**Manuel José Díaz Sánchez**, secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

## Expte. 36E/2024/9

**Aprobación definitiva do expediente M1/2024 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2024.**

**CERTIFICO** que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2024, previa votación e aprobación da súa urxencia, adoptou os seguintes acordos, coa motivación *in aliunde* do informe-proposta do Servizo, de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, co voto en contra do Grupo municipal Partido Popular (12 votos) e o voto a favor dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos) e Bloque Nacionalista Galego (4 votos):

1. Desestimar as reclamacións presentadas por: D. Juan Manuel Sánchez Albornoz, en representación da Asociación de Vecinos de A Zapateira, con data de entrada 18 de xuño de 2024; a presentada pola Asociación Sector 7 Recinto Ferial, representada por Dña. Vanesa Rey Argibay, con data de entrada 25 de xuño de 2024; a presentada pola Asociación Vecinal Desarrollo Económico y Social Elviña 2 Fases, representada por D. Leandro García Vázquez, con data de

**Manuel José Díaz Sánchez**, secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

## Expte. 36Y/2024/9

**Aprobación definitiva del expediente M1/2024 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito y modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto 2024.**

**CERTIFICO** que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el día 4 de julio de 2024, previa votación y aprobación de su urgencia, adoptó los siguientes acuerdos, con la motivación *in aliunde* del informe-proposta del Servicio, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, con el voto en contra del Grupo municipal Partido Popular (12 votos) y el voto a favor de los grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos) y Bloque Nacionalista Galego (4 votos):

1. Desestimar las reclamaciones presentadas por: D. Juan Manuel Sánchez Albornoz, en representación de la Asociación de Vecinos de A Zapateira, con fecha de entrada 18 de junio de 2024; la presentada por la Asociación Sector 7 Recinto Ferial, representada por Dña. Vanesa Rey Argibay, con fecha de entrada 25 de junio de 2024; la presentada por la Asociación Vecinal Desarrollo Económico y Social Elviña 2 Fases, representada por D. Leandro García Vázquez, con fecha de



# Concello da Coruña

entrada 28 de xuño de 2024; e a presentada pola Agrupación de Vecinos Orzán-Pescadería, representada por D. José Luis Méndez Campos, con data de entrada do 1 de xullo de 2024 (escrito presentado por Consuelo Rodríguez Correas).

2. Aprobar definitivamente o expediente M1/2024 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de créditos e modificación do Anexo de Inversións do Orzamento 2024. O expediente entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista no apartado 3 do artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3. Facultar á alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para a efectividade do acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa advertencia prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Vº e Pr  
Alcaldesa  
Inés Rey García

*entrada 28 de junio de 2024; y la presentada por la Agrupación de Vecinos Orzán-Pescadería, representada por D. José Luis Méndez Campos, con fecha de entrada de 1 de julio de 2024 (escrito presentado por Consuelo Rodríguez Correas).*

*2. Aprobar definitivamente el expediente M1/2024 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de créditos y modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto 2024. El expediente entrará en vigor una vez publicado en la forma prevista en el apartado 3 del artículo 169 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.*

*3. Facultar a la alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para la efectividad de lo acordado.*

*Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, y a resultas del texto definitivo del acta.*

*A Coruña, en la fecha de la firma electrónica.*

Secretario xeral do Pleno  
Manuel José Díaz Sánchez

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Oficina Orzamentaria

Aprobación definitiva do expediente M1/2024 modificativo do orzamento 2024

##### ANUNCIO

Asunto: Aprobación definitiva expediente M1/2024

O Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 4 de xullo de 2024, aprobou definitivamente o expediente M1/2024 de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito e modificación do Anexo de Inversión do Orzamento 2024.

O expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria o día 6 de xuño de 2024 e sometido a exposición pública para reclamacións durante o prazo de quince días, mediante anuncio publicado no BOP número 110, do 7 de xuño de 2024. Durante o citado prazo, presentáronse catro reclamacións contra el, segundo resulta da certificación expedida pola Oficial Maior do Concello da Coruña.

Segundo o disposto no art. 169.3, en relación co 177.2 e o 179.4, todos do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), e o 49 do RD 500/90, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do Orzamento, incorporando as modificacións do devandito expediente M1/2024:

##### Resumo por capítulos

##### Estado de gastos

CAP	INICIAL	ACTUAL	M1/2024	DEFINITIVO
1	80.439.407,17	81.080.750,71		81.080.750,71
2	155.010.713,63	156.236.162,44	-1.037.939,65	155.198.222,79
3	2.750.255,47	2.750.255,47		2.750.255,47
4	33.943.840,27	35.680.246,82	7.128.713,08	42.808.959,90
5	20.000,00	20.000,00		20.000,00
6	75.274.632,30	113.385.892,26	-853.151,88	112.532.740,38
7	18.079.696,83	23.795.562,24		23.795.562,24
8	80.001,00	163.732,04		163.732,04
9	9.881.246,83	9.881.246,83		9.881.246,83
	375.479.793,50	422.993.848,81	5.237.621,55	428.231.470,36

Publícase para xeral coñecemento. Faise constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo segundo o teor do establecido no artigo 171 do TRLRFL, que se presentará ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. O prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio. Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 4 de xullo de 2024

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

2024/4784